



## Apertura prazo de inscrición no proxecto FerrAll for Theatre

A entidade Xeración Asociación Cultural con NIF núm G70385091, ten concedida a cesión dun espazo na Casa da Xuventude para a realización de actividades xuvenís. Entre os seus fins están o de promover a mobilidade xeográfica xuvenil e estudiantil, así como a promoción das distintas disciplinas artísticas.

Nesa liña, actualmente a entidade está a desenvolver o proxecto **FerrAll for Theatre**, que se trata dun campamento internacional de teatro co organizado por dita entidade e o Concello de Ferrol e que vai dirixido a explorar de maneira práctica e participativa diferentes ferramentas dramáticas, co fin de crear unha representación pública durante as festas da cidade.

Con esta convocatoria, preténdese atopar 5 mozos de Ferrol, de entre 18 e 30 anos, con **nivel avanzado de inglés** (mínimo B2), para participar durante 20 días (entre o 10 e o 30 de agosto) nun programa intensivo que levará a explorar os principios do teatro de improvisación, traballar a comunicación e a química no escenario, e prepararnos para representar unha obra de teatro en inglés.

No proxecto tamén participarán 10 mozos procedentes de toda Europa, de maneira que ofrece a posibilidade de vivir unha experiencia internacional sen saír da cidade.

O proxecto estrutúrase en sesións diarias de 4/5 horas, centradas no aprendizaxe práctico, que permitirán desenvolver unha peza teatral desde cero. Estas sesións estarán facilitadas por Sotiris Krouskas, un experto grego en arte dramático, e terán lugar tanto na Casa da Xuventude como no Torrente Ballester.

Participar no proxecto é gratuito, e está previsto que a través da entidade Xeración se dea unha axuda económica ós participantes de 150€ para cubrir os gastos completos do programa.

Por iso, se es un/a apasionado/a do teatro e tes ganas de vivir unha experiencia teatral única, non dubides en participar no FerrAll for Theatre, e únete a esta emocionante aventura teatral, para o cal podes inscribirte ou obter máis información, a través do seguinte enlace: [xeracion.org/ferrall](https://xeracion.org/ferrall)

**A data límite para inscricións finaliza o vindeiro día 4 de agosto de 2023 ás 14:00horas.**

Ferrol o día data da sinatura electrónica.